



Trata de persoas con fins de explotación laboral*

Elena Arce Jiménez

1.- Consideracións xerais

A trata de persoas, coñecida como a escravitude do s. XXI, é un delito perseguido e castigado polo Código Penal español. É a acción de captar, transportar, trasladar, acoller ou recibir persoas, usando a forza, ameazas ou outras formas de coacción, rapto, fraude, engano, abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou a concesión ou recepción de pagos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra. Todo iso co fin de explotar (no ámbito sexual, laboral, da mendicidade, do tráfico de órganos, da escravitude) a unha persoa.

En todos os convenios internacionais e en estudos establécese que o consentimento dado pola vítima é irrelevante cando se demostre que se conseguiu a través de medios ilícitos. A trata é unha vulneración dos dereitos humanos, un delito, cómpre perseguir ao tratante, que é un delincuente, e protexer á vítima. Para iso as leis teñen que ofrecer ás vítimas unha contorna segura que lles permita recuperarse e denunciar (moi importante: aínda que non denuncien cómpre protexelas). O único modo de manter o enfoque debidamente centrado nas vítimas consiste en garantir que as accións contra a trata de persoas non se reduzan meramente a un problema de migración, de orde pública ou de loita contra a delincuencia organizada.

Segundo datos de Nacións Unidas, as dúas terceiras partes das vítimas detectadas en todo o mundo son mulleres. O 79 % das

* O vídeo coa intervención completa de Elena Arce no Foro pódese ver na nosa web: [www. encrucillada.gal/foros](http://www.encrucillada.gal/foros)

persoas vítimas de trata sono con fins de explotación sexual. De feito, as violacións de dereitos humanos por razón de xénero son percibidas coma unha das causas fundamentais da existencia da trata de persoas. A violencia de xénero e outras formas de discriminación contra as mulleres e as nenas, poden crear e agravar a súa vulnerabilidade para acabar sendo vítimas de trata. A explotación sexual resulta, con gran diferenza, a forma de trata de persoas detectada con máis frecuencia, seguida do traballo forzoso, o que podería obedecer a un rumbo estatístico. Polo xeral, a explotación da muller adoita ser máis visible e é obxecto de denuncias máis frecuentes, polo que pasou a ser o tipo de trata máis documentado nas estatísticas globais. En cambio, as outras formas de explotación permanecen ocultas nunha gran maioría dos casos.

Nos casos de trata con fins de explotación laboral cómpre a actuación de todas as autoridades con competencias no campo laboral, que han gañar cada día máis protagonismo nunha cuestión dominada até agora polas autoridades policiais e de inmigración. A carencia de datos acerca da verdadeira dimensión de trata de persoas compromete seriamente a adopción das medidas de loita fronte á mesma, especialmente no referido á súa dimensión transnacional e dificulta a avaliación realista do impacto de calquera plan de intervención.

Con carácter global, unha maioría dos delitos de trata de persoas revisten un carácter nacional ou rexional e cométenos persoas coa mesma nacionalidade cás súas vítimas. Con todo, isto non é así no caso de Europa, que é considerada como o lugar de destino de vítimas procedentes dos máis diversos puntos de orixe. A posible confusión á hora da identificación dunha vítima de trata de persoas como un inmigrante que tenta acceder de maneira irregular ao territorio dun Estado, é moi común na práctica. Apréciase unha falta xeral de procedementos solventes de identificación. É certo que moitas vítimas de trata inician a súa viaxe consentindo ser trasladadas ilicitamente dun país a outro, mais no curso da súa viaxe son enganadas ou forzadas a soportar situacións de explotación, co que se converten en vítimas de trata de persoas. A acción eficaz contra

o traballo forzoso require ir máis aló da resposta penal ou sancionadora no ámbito administrativo. Iso é especialmente importante para garantir unha compensación financeira aos traballadores, que puidesen non ter dereito a unha indemnización ao abeiro da normativa penal ou, máis concretamente, en virtude das leis contra o traballo forzoso e a trata de persoas.

A trata de seres humanos é unha actividade delituosa moi lucrativa que xera beneficios por valor de varios miles de millóns de euros. O baixo número de condenas por trata de seres humanos débese en parte ao feito de que estes casos son perseguidos como outro tipo de delitos en lugar de perseguilos como casos de trata de seres humanos. Os procedementos xudiciais nos que finalmente se imputa aos tratantes a comisión dun delito de trata de seres humanos seguen dependendo case en exclusiva das declaracións das vítimas. Con todo, demostrouse que a investigación financeira efectiva constitúe unha ferramenta importante para a obtención de probas, para a avaliación dos riscos, para aumentar o coñecemento dos autores de delitos relacionados coa trata de persoas e para perfeccionar os instrumentos de detección. Para garantir os dereitos das vítimas da trata requírense organismos adecuadamente capacitados para desenvolver o marco legal e políticas integrais contra a trata de persoas.

Apréciase un consenso xeneralizado acerca da necesidade de establecer canles de participación das entidades da sociedade civil especializadas nos procedementos de detección e asistencia ás vítimas da trata de persoas. Non existen estándares internacionais consolidados acerca da natureza, duración e propósito do período de restablecemento e reflexión para as vítimas de trata de persoas. A falta deste consenso provoca importantes diferenzas nas prácticas nacionais e un alto grao de confusión con relación aos requisitos necesarios para o seu ofrecemento ou obtención. A expedición dunha autorización de residencia ás vítimas constitúe unha garantía importante para a súa protección e aumenta as posibilidades de colaboración destas coas autoridades para a persecución do delito.

Para a adecuada protección das vítimas de trata resulta esencial que os estados non actúen contra elas por delitos conexos, tales

como portar pasaportes falsos ou traballar sen autorización, mesmo naqueles casos nos que aceptaron ter eses documentos ou traballar nesas condicións.

Os estados teñen a responsabilidade de garantir o recoñecemento como refuxiadas ás persoas que xa foron vítimas de trata e temen ser perseguidas ao regresar ao seu país de orixe, ou a aquelas que temen ser vítimas de trata, para que reciban a correspondente protección internacional, no caso de que as súas solicitudes se atopen dentro do ámbito da definición de refuxiado da Convención de 1951 ou do Protocolo de 1967, sobre o Estatuto dos Refuxiados. O ACNUR alerta acerca dos obstáculos máis comúns cos que se atopan as vítimas de trata para que as súas solicitudes de protección internacional prosperen, referidas á dificultade para acreditar a existencia dun «fundado temor de persecución» ou a «pertenza a determinado grupo social».

2.- Situación en España

A trata de seres humanos en España ten que ver esencialmente coa servidume por débedas, é dicir, cando o afectado se somete á situación de dominación como único medio de satisfacer as débedas co tratante. Normalmente, os poucos casos que acaban sendo xulgados en tribunais españois, refírense a casos de persoas estranxeiras, de procedencias moi diversas, que foron desprazadas da súa residencia habitual mediante falsas promesas dun bo posto de traballo en España, facilitóuselles toda a cobertura económica necesaria para o transporte, e foron recibidas e aloxadas en pisos ou lugares previamente dispostos. É daquela cando se lles comunica que contraeron unha descomunal débeda que só poden liquidar realizando traballos en condicións extraordinariamente abusivas e indignas (xornadas esgotadoras, obriga de reembolso de gastos esaxerados de manutención, remuneracións practicamente inexistentes, aloxamento en condicións infrahumanas, imposición de multas, etc.). En caso de negativa a traballar son obrigadas coactivamente con ameazas, chegándose mesmo a privarlas de liberdade¹.

1 Memoria Fiscalía Xeral do Estado correspondente ao ano 2011.

A trata de seres humanos en España está correctamente tipificada no Código Penal desde o ano 2010. A Fiscalía Xeral do Estado na súa memoria anual daba conta da inexistencia de supostos que, durante ese ano, puidesen encaixar na definición típica de trata laboral. É dicir, supostos «nos que se teña producido a captación, traslado ou recepción da persoa do lugar da súa residencia, a outro estraño mediante algún dos medios comisivos definidos no artigo 177 bis do Código Penal con fins de explotación laboral en réxime de escravitude ou de servidume.

A última memoria publicada do citado organismo, correspondente ao ano 2016, comunicaba que durante ese ano realizouse o seguimento de 8 causas abertas por trata con fins de explotación laboral. Localizáronse 15 mulleres vítimas (dúas delas menores de idade) e 71 homes vítimas deste delito. Proveñen de 6 países distintos, destacando 72 búlgaros (61 homes e 11 mulleres). Por este delito están a ser investigados 24 individuos (19 homes e 5 mulleres) de 7 nacionalidades.

A escaseza de supostos detectados que reúnan os requisitos previstos para poder ser considerados casos de trata con fins de explotación laboral, non é desgraciadamente unha realidade propia tan só do noso país. A Organización Internacional do Traballo (OIT), no seu informe *O custo da coacción: Informe global con arranxo ao seguimento da Declaración da OIT relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo*, alertou acerca desta situación. Sinalaba que na maioría dos países, o traballo forzoso e a trata de seres humanos non foron un dos aspectos centrais do labor da administración do traballo nin da inspección do traballo. Iso resulta comprensible, xa que a maioría dos casos de traballo forzoso danse na economía informal, así como nos fogares e no comercio sexual, esferas nas que os inspectores de traballo enfrontan grandes dificultades polo que se refire á vixilancia e ao cumprimento da lexislación laboral. Como o traballo forzoso constitúe delito, os inspectores de traballo tamén poden sentir que carecen dun mandato claro para tomar medidas. Con todo, a OIT lembra que os inspectores de traballo poden desempeñar un papel clave en moitas esferas no que

se refire tanto á prevención e á identificación de casos de traballo forzoso e de trata coma ás medidas de reparación. A acción eficaz contra o traballo forzoso implica necesariamente unha serie de organismos encargados de velar polo cumprimento da lei, facendo uso creativo dos mandatos, as capacidades e as competencias de cada un deles, non limitándose á xustiza penal e laboral, e inclúe tamén aos funcionarios de control de fronteiras, de inmigración e de aduanas, entre outros. Nalgunhas circunstancias, poderían ser necesarias unidades especiais encargadas de realizar investigacións e de establecer accións xudiciais, que contén coa participación da policía e dos inspectores do traballo.

No ano 2012, o Defensor do Pobo presentou ante as Cortes Xerais un informe monográfico titulado *A trata de seres humanos en España: vítimas invisibles*² sobre a situación das vítimas de trata en España. O informe realizou unha análise da realidade desta nova forma de escravitude, dando voz ás entidades e organismos que traballan neste ámbito. Ademais, abordouse a trata de seres humanos en España, cun enfoque de dereitos humanos e cunha perspectiva de xénero, analizando a tipoloxía desta secuela e distinguindo os fenómenos de explotación laboral daqueles que teñen como fin a explotación sexual. Xunto con iso, a través de diversos casos reais, puxéronse de manifesto as carencias detectadas na identificación das vítimas e as posibles vías para a súa protección.

O informe quería ofrecer ás Cortes Xerais e ao conxunto da sociedade española unha análise en profundidade sobre a realidade da trata en España, así como as correspondentes conclusións, finalizando cunha serie de recomendacións aos Ministerios do Interior e de Emprego e Seguridade Social; á Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade; á Fiscalía Xeral do Estado; á Dirección Xeral da Policía, e aos organismos con competencias neste asunto das diferentes comunidades autónomas e das dúas cidades autónomas e incluíndo un anexo normativo no que se fai un repaso ao marco legal internacional e nacional.

2 O texto completo do informe atópase dispoñible en http://www.defensordelpueblo.es/es/documentacion/publicaciones/monografico/contenido_1348128571191.html

O principal reto que temos por diante no contexto español céntrase na mellora dos sistemas de detección e protección das vítimas da trata. Chama a atención o baixo número de vítimas identificadas, así como as dificultades detectadas no procedemento de identificación de potenciais vítimas de trata e de persoas en risco de seren vítimas de trata, debido á complexidade do delito. A valoración polas autoridades acerca do que constitúen indicios razoables é obxecto de numerosas queixas de organizacións que traballan con vítimas, que alertan do risco de utilizar indicadores a modo de test realizado de maneira illada, sen ter en conta que a identificación dunha vítima non pode ser froito dun momento puntual senón que require tempo e asistencia especializada. En todo caso, o Defensor do Pobo considerou que, con independencia da valoración negativa que as autoridades policiais poidan realizar acerca da condición de vítima de trata da persoa interesada, a súa situación persoal debe ser valorada na solicitude de revogación da resolución de expulsión e, para iso, debe evitarse que a súa execución sexa precipitada, tendo en conta a obriga de avaliar adecuadamente os indicadores existentes que deriven na concesión do período de restablecemento e reflexión previsto no artigo 59 bis da Lei Orgánica 4/2000 dos dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e da súa integración social.

Outra cuestión que se detectou na práctica é a confusión existente na práctica, acerca da verdadeira natureza do período de restablecemento e reflexión. Esta confusión impide a efectiva posta en funcionamento das medidas de protección establecidas para as vítimas. O citado período ha constar de dúas fases que deberían estar claramente diferenciadas. Nun primeiro momento a vítima ha de restablecerse, sentirse segura, recuperar-se física e psicolóxicamente de todo o sufrimento padecido e, só cando esta primeira fase culminase con éxito e sempre co debido acompañamento e asesoramento dunha entidade especializada, poderá enfrontarse a esa segunda fase do procedemento na que haberá ser debidamente informada da posibilidade de cooperar coas autoridades competentes.

A experiencia acumulada nestes anos de análises do problema desde o Defensor do Pobo, en continuo contacto tanto coas organizacións que traballan con vítimas como cos Corpos e Forzas de Se-

guridad do Estado, permítenme afirmar que o número de vítimas identificadas podería incrementarse se se atopase a maneira de implicar a estas organizacións, non só na asistencia ás vítimas, nas que xa fan un papel insubstituíble, senón no proceso de identificación xunto aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, e respectando loxicamente o seu campo de actuación. A participación destas organizacións constitúe un elemento básico para garantir un enfoque do procedemento centrado nos dereitos e necesidades das vítimas de trata de seres humanos. Resulta imprescindible diferenciar a existencia de indicios razoables, que son os que deberían poñer en marcha o procedemento de identificación da vítima, das evidencias que son as necesarias para iniciar o procedemento penal.

Finalizo estas liñas coa exposición dos principais desafíos cos que se enfronta o sistema español para mellorar a detección e defensa das vítimas de trata de seres humanos:

- a. Reforzar o enfoque de dereitos humanos establecendo estratexias que protexan á vítima máis aló da súa condición de testemuña fundamental nun procedemento penal.
- b. Transposición da Directiva relativa á Prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas (2011/36/EU) que adopta un enfoque integrado e global, baseado nos dereitos humanos, para un marco máis global, entendendo que, sendo a actuación policial fundamental, non é a única.
- c. Acelerar os traballos para a elaboración dun protocolo estatal de loita contra a trata con fins de explotación laboral.
- d. Atopar un encaixe adecuado para a efectiva participación das organizacións non gobernamentais especializadas na identificación das vítimas de trata.

Elena Arce Jiménez
Oficina Defensor del Pueblo. Madrid

Traduciu Chema Felpeto